Consello Municipal de Deportes Ourense (1 para 1)
Consello Municipal de Deportes de Ourense
Data de Sinatura: 05/03/2021
HASH: e095afe2532972601349a763d2d316e7

EXP. NÚM.: 97/2021

EXP. RELACIONADO: 32/2021

BASES E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONFECCIÓN DE LISTAXES DE CONSERXES DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES PARA EVENTUAIS CONTRATACIÓNS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Primeira. Obxecto

O obxecto destas bases é a regulación dun procedemento para a selección de persoal para a formación dunha listaxe ordenada de candidatos para a realización de eventuais nomeamentos en réxime de persoal laboral temporal en prazas de conserxe do Consello Municipal de Deportes.

En todo caso, en defecto de regulación específica, as presentes bases serán de aplicación subsidiaria. As presentes bases e o funcionamento da listaxe rexerase polo establecido nas bases xerais para a selección de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal do Concello de Ourense e do Consello Municipal de Deportes aprobadas mediante decreto n.º 7/21, do 22 de xaneiro de 2021, da Presidencia do Consello Municipal de Deportes e publicadas no BOP nº 28 de 4 de febreiro de 2021.

Segunda. Denominación e características das postos susceptibles de provisión mediante persoal das prazas de conserxe convocadas. Réxime xurídico e duración do eventuais nomeamentos.

1. Os postos susceptibles de provisión mediante as contratacións realizadas entre o persoal da listaxe formada no procedemento regulado na presente convocatoria son postos de conserxe de instalacións deportivas do Consello Municipal de Deportes, coas seguintes características:

- Denominación: Conserxe de instalacións deportivas do Consello Municipal de Deportes
- Grupo C2/AP
- Nivel complemento destino 12
- Nivel complemento específico: 6,91
- As retribucións serán as correspondentes ó posto segundo a RPT. A distribución da xornada será variable de cómputo mensual será eminentemente de tarde.
- As funcións son as seguintes:

a) Vixilancia e custodia interior das instalacións deportiva.
b) Controlar á entrada e saída de persoas alleas ó servizo, recibir as súas peticións e facilitar o acceso ás dependencias solicitadas.
c) Recibir e custodiar documentos, chaves das instalacións e obxectos que lle sexan encomendados.
d) Realizar dentro das dependencias traslados de material, mobiliario e enxoval.
e) Auxiliar en tarefas de limpeza.
f) Efectuar operacións manuais que non supoñan coñecemento de oficio e servir de axudante a persoal de oficios tales como albaneis, xardineiros, electricistas, etc .
g) Traballos de axudantía ós xardineiros; cavar furados para plantar árbores, cortar ó céspede, regar, etc.

Cod. Validación: 4QY4FMK9AA4DJ2Z7JHA6Q94YQ | Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 12

h) Efectuar desatrancos de saneamentos.
i) Abrir e pechar zanxas en avarías da rede de distribución.
j) Execución material de tarefas albanelería, xardinería ou electricidade que lles sexan encomendadas.
k) Preparar e carrexar materiais.
l) Picar, escavar, derrubar e efectuar zanxas.
m) Trasladar maquinaria, mobles e utensilios municipais.
n) Levantar, limpar e recoller estadas, utensilios, maquinaria, cascotes, etc.
o) Montaxe e desmontaxe de efectos correspondentes a espectáculos e actos públicos.
p) Aquelas non especificadas que sexan inherentes ó seu posto.
q) Cantas outras teña atribuídas ou se lle atribúan pola lexislación vixente en cada momento.

2. As posibles contratacións realizaranse por razóns expresamente de necesidade e urxencia, para o desempeño de funcións propias do persoal laboral, cando se dea algunhas das seguintes circunstancias previstas nos apartados b) e c) do artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores:
a) A substitución transitoria dos titulares. Nos supostos de redución de xornada, xubilación parcial ou permisos a tempo parcial dos titulares, poderá nomearse persoal laboral para cubrir a parte da xornada de traballo que non realice a persoa titular do posto.
b) O exceso ou acumulación de tarefas, de carácter excepcional ou circunstancial, por un prazo máximo de seis meses, nun período de doce meses.
A duración das contratacións será a determinada pola causa que os motiva. Non obstante, o Consello Municipal de Deportes poderá deixalos sen efecto nun prazo inferior, se desaparecesen as circunstancias de urxente necesidade que os xustifican.
3. A xornada de traballo establecerase en funcións das necesidades do servizo, podendo desenvolverse en horario de mañá ou de tarde, ou nunha combinación de ambos de luns a domingo segundo as condicións contempladas no Acordo Regulador das condicións de traballo dos traballadores do Concello de Ourense.

Terceira. Requisitos das persoas aspirantes

1. As persoas aspirantes deberán reunir no día da finalización do prazo de presentación da solicitude os seguintes requisitos:
a) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO) ou equivalente (Graduado Escolar, Bacharelato Elemental, Ensinanza Secundaria Obrigatoria ou Formación Profesional de primeiro grao ou equivalente).
b) Ter a nacionalidade española ou reunir as condicións de acceso ao emprego público de nacionais doutros estados establecidos no artigo 57 do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e 52 da Lei do Emprego Público de Galicia
c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en

Cod. Validación: 4QY4FMK9AA4DJ2Z7JHA6Q94YQ | Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 12

situación de inhabilitación absoluta para o exercicio de cargos ou empregos públicos, ou en situación de inhabilitación especial para os empregos públicos obxecto da convocatoria.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas ou psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ás prazas obxecto da presente convocatoria.

2. De conformidade co establecido no artigo 51.1 da Lei do Emprego Público de Galicia, para formar parte da listaxe de candidatos será requisito acreditar un coñecemento da lingua galega equivalente ao CELGA 3. As persoas que non poidan acreditar documentalmente a posesión deste requisito deberán superar a proba de lingua galega prevista na base sexta.

Cuarta. Procedemento de selección para a formación da lista de candidatos.

1. O procedemento de selección será o de concurso. Xustifícase o emprego deste procedemento pola súa obxectividade, ao basearse exclusivamente na valoración regrada de méritos documentalmente acreditados polos aspirantes.

2. Co fin de dar cumprimento á reserva do 7 % dos postos da lista ás persoas con discapacidade, estas persoas terán dereito a un de cada quince postos da lista definitiva, asignándoselles o posto décimo quinto de cada serie de quince, aínda que a súa puntuación corresponda cun posto inferior. Esta regra non será de aplicación cando a puntuación obtida xa lles dea dereito a un posto superior en cada quincena da lista, asignándoselles neste caso o posto que lles corresponda por puntuación dentro da quincena.

3. Os postos das listas non reservados a persoas con discapacidade conterán ademais unha reserva para promoción interna temporal do persoal funcionario ou laboral do Concello de Ourense e do Consello Municipal de Deportes. Esta reserva será do 25 % dos postos da lista, e para a súa aplicación observaranse as seguintes regras:

a) As listas de acceso libre e as de promoción interna temporal formaranse inicialmente de modo separado polo tribunal de selección.

b) A lista definitiva formarase polos integrantes da lista de acceso libre, inserindo ás persoas da listas de promoción interna temporal nun de cada catro postos da lista, a partir do cuarto posto. Esta regra non será de aplicación cando a puntuación obtida xa lles dea dereito a un posto superior en cada serie de catro postos da lista, asignándoselles neste caso o posto que lles corresponda por puntuación.

O persoal municipal que opte a nomeamentos interinos ou contratos temporais pola quenda de promoción interna terá dereito á reserva de posto no posto de traballo que ocupase con anterioridade, durante o tempo de vixencia do nomeamento ou contrato, reintegrándose nel de modo automático con efectos do día seguinte ao da extinción do nomeamento ou contrato temporal.

Quinta. Baremo de méritos do concurso e medios de acreditación dos méritos.

1. Os méritos obxecto de valoración no concurso, e os seus medios de acreditación, serán os seguintes:

I. Experiencia.

I.a) Por cada mes completo de servizos no sector público en praza igual ou equivalente á convocada: 0,025 puntos/mes.

Cod. Validación: 4QY4FMK9AA4DJ2Z7JHA6Q94YQ | Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 3 a 12

Este mérito acreditarase mediante certificado expedido pola administración correspondente.

Para estes efectos, computaranse como servizos efectivos os períodos de tempo nos que o persoal ao servizo do sector público se acollese aos permisos e licenzas ou se atopase nas situacións administrativas que se indican a continuación, que se acreditarán mediante certificado expedido pola administración correspondente, no seu caso:

- Os períodos de redución de xornada previstos no artigo 106, apartados 1, 2 e 3 da Lei do Emprego Público de Galicia.

- Os períodos de flexibilización de xornada previstos no artigo 106.4 da Lei do Emprego Público de Galicia.

- Os períodos correspondentes aos permisos retribuídos regulados na sección 2ª do capítulo IV do Título VI da Lei do Emprego Público de Galicia (artigos 108 a 120, ambos inclusive).

- Os períodos correspondentes aos permisos regulados na sección 3ª do capítulo IV do Título VI da Lei do Emprego Público de Galicia.

- Os períodos correspondentes ás licenzas previstas nos artigos 126, 128, 129 e 131 da Lei do Emprego Público de Galicia.

- Os períodos correspondentes ás licenzas previstas no artigo 130 da Lei do Emprego Público de Galicia, cando estas licenzas teñan carácter retribuído.

- Os períodos correspondentes á situación de excedencia por cuidado de familiares prevista no artigo 176 da Lei do Emprego Público de Galicia, así como á situación de excedencia por violencia de xénero prevista no artigo 177 e a de excedencia forzosa prevista no artigo 179 da devandita lei.

Non se computarán como períodos de servizos prestados os que correspondan ás licenzas por asuntos propios previstas no artigo 127 da Lei do Emprego Público de Galicia, así como os períodos en que o aspirante se atopase nas situacións de suspensión de funcións, excedencia voluntaria por interés particular, excedencia voluntaria por agrupación familiar, excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público e servizos especiais (nestes últimos dous casos, sen prexuízo da valoración destes servizos, no suposto de que correspondan a prazas equivalentes á convocada).

I.b) Por cada mes completo de experiencia no sector privado realizando funcións equivalentes á da praza: 0,015 puntos/mes.

Este mérito acreditarse mediante contrato de traballo e certificado de vida laboral.

A suma dos méritos polos apartados 1.a) e 1.b) non pode en ningún caso ser superior a 4 puntos.

O cómputo realizarase sumando o tempo total de servizos prestados expresado en días e dividíndoo por trinta, aplicándolle ao cociente resultante o coeficiente de puntuación mensual que corresponda conforme ao baremo.

II. Participación en procesos de oposición de administracións públicas ou universidades públicas: por ter superado algún exame de oposición celebrado por calquera administración pública, ente público empresarial ou universidade pública para a cobertura, como funcionario de carreira ou laboral fixo, dunha praza igual ou equivalente á convocada: 0,25 puntos por cada exame superado, cun máximo de 1 punto.

Este mérito acreditarase mediante certificado expedido pola administración, ente público

Cod. Validación: 4QY4FMK9AA4DJ2Z7JHA6Q94YQ | Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 4 a 12

empresarial ou universidade pública correspondente.

III. Formación: neste apartado valoraranse os seguintes méritos:

III.a) Titulacións académicas distintas ás que se esixan como requisito para acceder á praza pero relacionadas coas funcións a desempeñar.

Valoraranse as titulacións de nivel superior ou de carácter especial respecto da esixida como requisito, a razón de 2 puntos por cada titulación adicional, cun máximo de 4 puntos. Será requisito necesario que as titulacións, polo seu contido, permitan presumir racionalmente un maior grao de coñecementos que teñan incidencia práctica no desenvolvemento dos postos de traballo propios da categoría ou grupo profesional.

III.b) Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados coas funcións a desempeñar e organizados ou homologados por entidades, institucións ou centros públicos. A valoración será de 0,01 puntos por cada hora lectiva.

A puntuación máxima neste apartado será de 4 puntos.

III.c) Coñecemento da lingua galega nun grao ou nivel superior ao esixido como requisito pola convocatoria: 1 punto por cada grao superior acreditado, ata un máximo de 2 puntos.

IV. Grao persoal consolidado: valorarase o grao persoal consolidado dos aspirantes que teñan a condición de persoal funcionario (ou persoal laboral fixo das administracións públicas ao que se aplique o sistema de grao persoal dos funcionarios) asignándose 0,1 puntos por cada intervalo de nivel consolidado por enriba do nivel inferior do subgrupo correspondente, ata un máximo de 1 punto.

2. Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados no momento de presentación da solicitude.

3. Para a inclusión nas listas, será necesario que os candidatos acaden como mínimo o 5 % da puntuación máxima posible conforme ao baremo da convocatoria.

Base sexta. Proba coñecemento da lingua galega.

As persoas que non acrediten de forma documental o coñecemento da lingua galega no nivel CELGA 3, deberán realizar unha proba escrita, que se cualificará co resultado de apta ou non apta.

A proba escrita realizarase ao inicio do procedemento, con carácter previo á valoración do concurso. As solicitudes das persoas que non superen a proba non serán obxecto de valoración no concurso.

Sétima. Publicidade da convocatoria.

A convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Consello Municipal de Deportes e, adicionalmente, na páxina web do concello e nun diario dos de maior difusión na provincia, co fin de garantir a máxima difusión entre os posibles interesados.

Oitava. Lugar e prazo de presentación de instancias

1. As instancias para tomar parte no proceso selectivo presentaranse no Rexistro do Consello Municipal de Deportes ou en calquera dos lugares previstos na lexislación de procedemento administrativo común, mediante o modelo normalizado que figura como anexo I.

Cod. Validación: 4QY4FMK9AA4DJ2Z7JHA6Q94YQ | Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 5 a 12

2. As modalidades de presentación serán as seguintes:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa nas oficinas de asistencia ao cidadán en materia de Rexistro Xeral do Consello Municipal de Deportes, ou en calquera dos lugares previstos na lexislación de procedemento administrativo común.

b) De forma telemática, a través do rexistro electrónico xeral da sede electrónica do Consello Municipal de Deportes, na dirección: deportesourense.sedelectronica.gal

3. Para participar no proceso selectivo será necesario presentar a seguinte documentación:

a) Modelo normalizado de solicitude que se incluirá na convocatoria.

b) Copia do diploma ou certificado que acredite o grao de coñecemento do idioma galego no nivel CELGA 3, conforme ao previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007), modificada pola Orde de 10 de febreiro de 2014 (DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014). No caso de non presentar esta documentación, o interesado deberá realizar a proba escrita de coñecemento de lingua galega prevista na convocatoria.

c) Relación de méritos alegados, acompañando dos documentos que os acrediten.

d) No caso de que o interesado teña unha discapacidade igual ou superior ao 33 % e solicite o acceso ás prazas reservadas, deberá acreditar esta circunstancia mediante certificación acreditativa expedida polo Instituto Nacional de Seguridade Social.

A esixencia da documentación recollida neste apartado motívase pola imposibilidade material, no momento actual, de obter os datos correspondentes nas plataformas de intermediación de datos e redes corporativas das administracións públicas.

Non obstante o anterior, non será necesario achegar a documentación sinalada que xa obre en poder do Consello Municipal de Deportes de Ourense. Deberase indicar esta situación na solicitude, facendo constar a data ou procedemento no que foron achegados.

4. Os requisitos de estar en posesión da titulación oficial esixida, así como os datos de identidade e nacionalidade e residencia, no seu caso, serán comprobados de oficio polo Concello mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos das administracións públicas, sempre que, conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello Europeo do 27 de abril de 2016, relativo á protección dos datos das persoas físicas, os solicitantes fagan constar o seu consentimento expreso na solicitude (Anexo I). En caso contrario, os/as interesados/as deberán achegar copia dos documentos correspondentes (titulación, DNI ou NIE, de se – lo caso). Excepcionalmente, se o Consello non puidese obter os documentos conforme ao previsto neste apartado, poderá solicitar ao interesado a súa achega, outorgándolle un prazo de 10 días hábiles.

5. En todo caso, os datos e documentos obtidos utilizaranse exclusivamente para as finalidades deste procedemento selectivo. Os interesados poderán exercer en calquera momento os dereitos que lles recoñece a normativa vixente en materia de protección de datos.

6. O prazo de presentación das instancias será de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Consello Municipal de Deportes.

Sétima. Instrución e resolución do procedemento.

Cod. Validación: 4QY4FMK9AA4DJ2Z7JHA6Q94YQ | Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 6 a 12

1. Concluído o prazo de presentación de instancias, a Xerencia do Consello Municipal de Deportes procederá a un primeiro exame das solicitudes, no que se verificará o cumprimento dos requisitos de admisión ao procedemento dos aspirantes, formulándose proposta de aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos ao procedemento, así como da designación do tribunal, para a súa aprobación pola Presidencia do Consello Municipal de Deportes.

A lista provisional e a designación inicial do tribunal publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Consello Municipal de Deportes. Os interesados disporán dun prazo de de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación para a emenda das deficiencias documentais advertidas nas solicitudes, así como para a formulación de alegacións fornte á designación do tribunal.

Á vista das emendas e alegacións presentadas en prazo, o Presidente do Consello Municipal de Deportes resolverá, aprobando de modo definitivo a lista de admitidos e excluídos e a composición do tribunal de valoración.

2. Concluído o trámite anterior, o tribunal iniciará a xestión do proceso selectivo, debendo constituírse no prazo máximo dos cinco días hábiles seguintes á publicación do seu nomeamento. Na sesión constitutiva, o tribunal planificará o desenvolvemento do proceso, acordando en primeiro lugar a realización da proba escrita de lingua galega, que deberá realizarse no prazo máximo de quince días hábiles.

O tribunal actuará con plena autonomía, convocándose as súas reunións pola presidencia, conforme ao plan de traballo acordado na sesión constitutiva.

O tribunal adoptará as medidas previstas no artigo 55.5 da citada Lei para a protección das vítimas de violencia de xénero, en especial para a protección dos seus datos persoais, cando estas así o soliciten, previa acreditación da súa condición.

3. Concluídas as actuacións do tribunal, este formulará proposta de resolución para ante o órgano competente para resolver, na que se incluirá a lista ordenada de aspirantes.

4. A Presidencia do Consello Municipal de Deportes resolverá conforme á proposta do tribunal, agás que, de xeito motivado, e previos os informes que estime oportunos, considere que a dita proposta infrinxe as bases reguladoras ou a normativa vixente. Neste suposto, a Presidencia requirirá do tribunal a formulación dunha nova proposta na que se emenden as deficiencias advertidas.

O tribunal, motivándoo suficientemente, poderá manter a súa proposta orixinal, que vinculará ao órgano competente para resolver, sen prexuízo da potestade da Presidencia para acordar a declaración de lesividade ou a revisión de oficio da resolución de que se trate, cando se estime procedente conforme coa lexislación aplicable.

5. A resolución será obxecto de publicación na sede electrónica do Consello Municipal de Deportes.

Novena. Tribunal de selección.

O tribunal de selección estará integrado por catro vogais e un presidente, cos suplentes que se estimen necesarios, designados conforme aos seguintes criterios:

a) A designación do tribunal efectuarase pola Presidencia do Consello Municipal de Deportes.

b) A composición do tribunal será exclusivamente técnica, axustándose aos principios de

Cod. Validación: 4QY4FMK9AA4DJ2Z7JHA6Q94YQ | Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 7 a 12

imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tanto os vogais como a presidencia deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas no proceso selectivo.

c) A composición do tribunal axustarase ao principio de paridade entre homes e mulleres.

d) Non poderán formar parte dos tribunais as persoas que se atopen nos supostos previstos no artigo 59.2 da Lei do Emprego Público de Galicia.

e) A pertenza ao tribunal o será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningunha persoa, entidade ou organismo.

f) Dous dos vogais serán designados a proposta da Xunta de Persoal do Concello de Ourense, entre persoas que reúnan os requisitos establecidos nas bases para a pertenza ao tribunal. Para estes efectos, a Presidencia do Consello Municipal de Deportes requirirá á Xunta de Persoal do Concello de Ourense para que, no prazo máximo de cinco días hábiles, comunique a identidade das persoas cuxo nomeamento se propón, debendo incluír a dita proposta un home e unha muller, así como os suplentes necesarios. No caso de que a proposta non se formule en prazo, a Presidencia efectuará o nomeamento destes dous vogais. A Presidencia poderá rexeitar a proposta formulada, de forma motivada, exclusivamente nos casos en que as persoas propostas non cumpran os requisitos para ser membros do tribunal. Nestes casos, solicitarase a formulación dunha nova proposta no prazo de cinco días, e no caso de non realizarse – ou de persistir na proposta o incumprimento dos requisitos polas persoas propostas – será a Presidencia a que designará a estes dous vogais.

En todo caso, as persoas designadas a proposta do órgano unitario non actuarán en representación nin por conta destes, e non poderán recibir ningún tipo de instrución por parte do órganos que os propuxo.

g) Os membros dos tribunais non poderán ser removidos do seu cargo, unha vez nomeados, agás nos supostos de perda sobrevida dos requisitos para formar parte do tribunal.

h) A secretaría do tribunal corresponderá a un empregado público do Consello Municipal de Deportes.

Novena. Procedemento para o nomeamento das persoas integrantes das listas.

1. Producida a necesidade de realizar as contratacións eventuais de persoal laboral da categoría ou grupo profesional integrante das listas, e previos os trámites oportunos, a Presidencia acordará contratación das persoas ás que lle corresponda pola súa orde na lista.

A mera integración nunha lista non dará lugar á existencia de relación funcionarial ou laboral ningunha co Consello Municipal de Deportes, senón unicamente o dereito a ser contratado nos supostos nos que o Consello Municipal de Deportes aprecie a necesidade do nomeamento, e seguindo en todo caso a orde da lista.

2. Os chamamentos faranse mediante anuncio na sede electrónica do Consello Municipal de Deportes, remitíndose un aviso mediante correo electrónico ou mensaxería instantánea aos interesados que así o autorizasen na súa solicitude. No prazo máximo de dous días hábiles seguintes á publicación do chamamento, o aspirante deberá presentarse nas oficinas do Consello Municipal de Deportes para a formalización da correspondente contratación.

Para levar a cabo a dita formalización, o aspirante deberá subscribir unha declaración xurada de non estar separado de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin

Cod. Validación: 4QY4FMK9AA4DJ2Z7JHA6Q94YQ | Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 8 a 12

inhabilitado por sentencia firme para o exercicio de funcións públicas, para o que poderá empregarse un modelo que facilitará o propio servizo.

Solicitarase ao Servizo de Recursos Humanos do Concello de Ourense a realización dun exame médico do aspirante, a cargo do servizo de medicina do traballo do Concello, co fin de acreditar que o aspirante posúe capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias de cada categoría. Cando non sexa posible a realización deste exame, substituirase pola presentación dun certificado médico polo interesado no que se acredite a dita capacidade funcional, para o que se outorgará un prazo máximo de cinco días hábiles.

Entenderase que se posúe a dita capacidade funcional cando non se padeza enfermidade nin se estea afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. O sometemento ó exame médico ou a presentación do certificado, no seu caso, é obrigatorio para o aspirante, e o seu rexeitamento dará lugar á exclusión das listas.

No caso de rexeitamento ó chamamento, ou de non cumprimentarse polo interesado os trámites sinalados no prazo indicado e coa achega da documentación sinalada, así como nos supostos en que o exame ou certificado médico acredite que o aspirante non posúe capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da categoría, ditarase resolución pola que se declare a imposibilidade de realizar a contratación (que en todo caso será obxecto de notificación individualizada ao afectado).

Nesta resolución acordarase ademais a exclusión do aspirante decaído da lista con carácter definitivo, agás que o incumprimento ou imposibilidade do nomeamento estea motivado por causa de forza maior debidamente acreditada ou que se acredite a imposibilidade temporal de aceptar o chamamento pola concorrencia de circunstancias especiais que motivasen unha baixa regulada para un traballador activo do Consello Municipal de Deportes.

Para estes efectos, considerarase como causa de forza maior eximente da obriga de aceptar a contratación, ó atoparse o aspirante traballando noutra administración pública ou empresa, ou na propia administración municipal, no caso de promoción interna temporal.

Simultánea ou sucesivamente á dita resolución, chamarase ó seguinte integrante da lista que corresponda.

3. A medida que se vaian extinguindo os nomeamentos realizados, as persoas cesantes pasarán a ocupar de novo o posto que consonte coa puntuación obtida lles corresponda na lista, podendo volver ser contratadas ou nomeadas se xurdise a necesidade.

4.O Consello Municipal de Deportes trasladará, para a súa comunicación ás organizacións sindicais representadas na Mesa Xeral de Negociación, así como aos órganos unitarios de representación, as contratacións efectuadas.

Novena. Vixencia das listaxes

As listas estarán vixentes nos tres anos naturais seguintes ao da súa publicación.

Non obstante o anterior, mediante resolución motivada poderá prorrogarse a vixencia das listas por un prazo adicional de ata un ano, sempre que, de forma simultánea á resolución de prórroga, se aproben as bases da convocatoria do procedemento para a formación dunha nova lista.

Décima. Recursos

Cod. Validación: 4QY4FMK9AA4DJ2Z7JHA6Q94YQ | Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 9 a 12

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Cod. Validación: 4QY4FMK9AA4DJ2Z7JHA6Q94YQ | Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 10 a 12

ANEXO I

MODELO NORMALIZADO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE FORMACIÓN DE LISTAS DE CANDIDATOS PARA EVENTUAIS CONTRATACIÓNS DE CONSERXE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES

I. DATOS DO SOLICITANTE:

D/Dª:

DNI/NIE nº:

Domicilio: CP:

Teléfono móbil Teléfono fixo

Correo electrónico: (para os efectos de recepción de comunicación e avisos de notificación)

II. E, NA SÚA REPRESENTACIÓN:

D/Dª:

DNI/NIE nº:

Domicilio: CP:

Teléfono móbil Teléfono fixo

Correo electrónico: (para os efectos de recepción de comunicación e avisos de notificación)

III. EXPÓN: que, informado da convocatoria pública efectuada polo Consello Municipal de Deportes, desexo participar no proceso selectivo de formación de listaxes de candidatos para o nomeamento de **conserxe de instalacións deportivas** en réxime de contratación laboral temporal do dito organismo. Para tal efecto fago constar:

1) Que reúno os requisitos esixidos nas bases da convocatoria.

2) Que autorizo ao Consello Municipal de Deportes a consultar os meus datos de identidade e titulación nas plataformas de intermedición de datos das administracións públicas

Márquese o que proceda: SÍ NON

Nota: no caso de non autorizalo, deberá achegarse copia do título e do DNI ou NIE coa solicitude.

3) Que solicita o acceso a prazas reservadas para persoas con discapacidade

Márquese o que proceda: SI NON

4) Que solicita o acceso ás prazas de promoción interna para persoal funcionario ou laboral fixo do Concello de Ourense ou do Consello Municipal de Deportes

Márquese o que proceda: SÍ NON

5) Que solicita a adopción das medidas previstas no artigo 55.5 da citada Lei para a protección das vítimas de violencia de xénero, en especial para a protección dos seus datos persoais.

Márquese o que proceda: SÍ NON

Nota: en caso de marcar sí, deberá achegar documentación acreditativa da condición de persoa vítima de violencia de xénero (resolución xudicial ou informe dos servizos sociais de referencia acreditativa desta circunstancia).

6) Que coa solicitude achégase a seguinte documentación (táchese a que non proceda):

Cod. Validación: 4QY4FMK9AA4DJ2Z7JHA6Q94YQ | Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 11 a 12

a) Documentación acreditativa dos méritos alegados que se indica no apartado correspondente desta instancia.

b) Documentación acreditativa da discapacidade igual ou superior ao 33 %, mediante certificación acreditativa expedida polo Instituto Nacional de Seguridade Social.

c) Documentación acreditativa da condición de persoa vítima de violencia de xénero.

e) Copia do DNI e titulo esixido na convocatoria (só para o caso de non autorizar a consulta na plataforma de intermediación de datos).

f) Poder do representante (no caso de que a solicitude non a asine o interesado).

IV. MÉRITOS ALEGADOS:

Para a súa valoración no concurso, alego os seguintes méritos, dos previstos nas bases da convocatoria (indíquense os méritos alegados):

Documentación acreditativa dos méritos alegados que se achega (relaciónese):

V. COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA (márque o que proceda):

Que achego a seguinte documentación acreditativa de dispoñer do grao CELGA 3 de coñecemento da lingua galega (indíqueuse o documentoacreditativo achegado):

Que non achego documentación acreditativa de dispoñer do grao CELGA 3, polo que realizaré a proba de coñecemento prevista nas bases

VI. SOLICITO:

Ser admitida/o a participar no proceso selectivo indicado.

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude

Ourense, …… de …….. de 202...

Sinatura do interesados ou do seu representante

SR. PRESIDENTE DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE

Cod. Validación: 4QY4FMK9AA4DJ2Z7JHA6Q94YQ | Corrección: https://deportesourense.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 12 a 12